

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CABANAS E O CLUB CABANAS KDM PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE E DIFUSIÓN DA IMAXE DE CABANAS.

Na Casa do Concello de Cabanas, a 15 de xuño de 2022

REUNIDOS

Dunha parte D. Carlos Ladra Brage, Alcalde Presidente do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e domicilio social na Rúa do Concello Nº22, 15621 de Cabanas.

Doutra, D. Juan Luís López Espiño, Presidente do Club de Piragüismo Cabanas KDM, con CIF G70345970, e domicilio social en Travesía do Oito, Nº 6, 15621, Cabanas, facultado para este acto en virtude do acordo adoptado pola Asemblea Xeral Ordinaria do 25 de febreiro de 2022, polo que tamén se aproba a sinatura deste convenio.

EXPOÑEN

PRIMERO.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese común do Concello de Cabanas e o Club de Piragüismo Cabanas KDM no apoio á promoción do deporte do kaiak no dito municipio.

SEGUNDO.- Como obxectivo xeral establécese o de colaborar na promoción do deporte e, en particular, das modalidades deportivas de kaiak, a través do programa deportivo establecido, así como da imaxe e repercusión do equipo coa participación dos seus técnicos e deportistas en campañas de información, promoción, divulgación e formación que desenvolva o Concello. Así mesmo, coa asistencia do Club de Piragüismo Cabanas KDM a probas deportivas búscase o apoio na difusión da imaxe do Concello de Cabanas dentro e fóra da Comunidade Autónoma.

Que a finalidade do dito convenio é a de canalizar a favor de KDM Cabanas a subvención nominativa prevista no Orzamento do Concello de Cabanas para o ano 2022, con cargo a partida orzamentaria 920-48900 polo importe de 6.000,00 €. Ademais do anterior, regularanse as condicións e compromisos que asumen as partes.



A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións dispón no apartado 1 do seu artigo 28 que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais, nas condicións e compromisos recollidos tanto nestes convenios como na normativa reguladora destas subvencións.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas partes acordan subscribir o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

É obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Cabanas e o Club de Piragüismo Cabanas KDM para o desenvolvemento do programa de promoción do deporte establecido polos técnicos do club, así como da imaxe e repercusión do equipo coa participación dos seus técnicos e deportistas en campañas de información, promoción, divulgación e formación que desenvolva o Concello. Así mesmo, coa asistencia a probas deportivas búscase o apoio na difusión da imaxe do Concello de Cabanas dentro e fóra da Comunidade Autónoma, tal e como aparece recollido na memoria económica e descritiva que presenta o beneficiario.

SEGUNDA.- Achega municipal.

O Concello contribúe coa cantidade global de 6.000,00 € con cargo á reserva de crédito feita na partida orzamentaria 920-48900 do ano 2022.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables.

De acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, consideraranse gastos subvencionables os gastos correntes directamente vinculados ao desenvolvemento das actividades programadas e recollidas na memoria presentada, sempre que sexan debidamente computadas na Contabilidade Xeral e fagan referencia



ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2022.

Excluíranse, de forma expresa, tanto todos os gastos que se dediquen ao material que sexa inventariable (por exemplo ordenadores, mobiliario de oficina, etc.) como os gastos que non estean directamente vinculados co obxecto do convenio recollido na cláusula primeira.

CUARTA.- Obrigas do Club de Piragüismo Cabanas KDM.

As obrigas do Club de Piragüismo Cabanas KDM serán as seguintes:

1. Será requisito previo para a sinatura deste convenio a inscrición no Rexistro de Entidades do Concello de Cabanas así como dispor da documentación actualizada que se solicite desde esta administración local.
2. Fomentar, entre a mocidade e a través da práctica do piragüismo, a adquisición dos valores positivos e hábitos saudables propios da actividade deportiva, favorecer a igualdade e o respecto entre os deportistas.
3. Promover, organizar e desenvolver actividades físicas ao aire libre para a dinamización das contornas naturais de Cabanas como marco idóneo para o desenvolvemento destas actividades.
4. Promover, organizar e desenvolver actividades ao aire libre que contribúan ao desenvolvemento turístico do Concello de Cabanas, resaltando a súa riqueza natural e patrimonial e utilizando, no posible, o galego para as exposicións.
5. Á vista das características e escenarios en que se desenvolven as nosas actividades, a natureza, transmitir mediante charlas e prácticas a necesidade de coidar e preservar o medio ambiente.
6. A asistencia técnica ao Concello na celebración de diferentes actividades e eventos deportivos relacionados cos fins do club.
7. Cumprir as obrigas de publicidade que veñen establecidas na cláusula sétima do convenio.
8. Concertar un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes que cubran os riscos que se puideran ocasionar con motivo de celebración das actividades obxecto deste convenio.



9. Cumprir coas obrigas que con carácter xeral establece o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para as persoas beneficiarias.
10. O Club de Piragüismo Cabanas KDM, a través dos recursos que xere coas subvencións doutras Institucións ou Patrocinadores, se as houbera, poderá contribuír ao enriquecemento da actividade ou eventos a desenvolver.
11. Presentar no Concello de Cabanas, nos prazos establecidos, a documentación necesaria para a acreditación e xustificación da(s) actividade(s) obxecto do convenio.

QUINTA.- Obrigas do Concello de Cabanas.

O Concello de Cabanas asume a obriga de contribuír cunha cantidade de 6.000,00 euros, que serán destinados única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que lle orixine ao Club de Piragüismo Cabanas KDM o desenvolvemento da(s) actividade(s) obxecto de subvención.

Tendo en conta a contía da subvención, e de conformidade apartado 4 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o apartado 6 do artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderanse realizar **pagos anticipados** (entrega de fondos con carácter previo á xustificación final), de conformidade co seguinte parágrafo:

- Unha vez asinado o convenio, o Club de Piragüismo Cabanas KDM poderá solicitar un anticipo do 50% da cantidade concedida. Coa xustificación final, unha vez revisada e validada a documentación presentada, aboarase o restante 50%.

Segundo o apartado 5 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o apartado 7 do artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se poderán realizar pagos anticipados en tanto o beneficiario non se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro. Polo tanto, xunto á solicitude de anticipo do 50%, o Club de Piragüismo Cabanas KDM deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das obrigas da Seguridade Social e da Administración Tributaria (estatal, autonómica e local).



SEXTA_ Equipamento deportivo que se lle cede á entidade solicitante.

Como requisito previo á sinatura do convenio realizarase un inventario de número, estado e localización de todo o material que se pon a disposición do Club de Piragüismo Cabanas KDM relacionando e asinando unha acta ambas as dúas partes a súa conformidade; en caso contrario o material pasará a ser custodiado polo Concello.

Terá como principal finalidade a realización de rutas en kaiak para a promoción do litoral de carácter gratuíto, se ben o Club de Piragüismo Cabanas KDM, e sempre que non se vexa prexudicado o primeiro fin do material e as necesidades ou intereses do Concello, poderá usar este, para asistencia a regatas cos seus equipos federados ou adestramentos xustificados pola dirección técnica do club.

Asemade, ponse a disposición do Club de Piragüismo Cabanas KDM un vehículo furgoneta modelo NISSAN NV400 2.2 125 CV 6 velocidades COMBI 9 prazas. Para o seu uso será obrigatorio unha previa solicitude ao Concello e *xustificar o quilometraxe na folla de rexistro da mesma.*

Actividades 2022:

- Promoción e desenvolvemento de actividades deportivas diarias propias do club, así como outras actividades relacionadas ou derivadas da dita práctica, como por exemplo, o turismo deportivo sostible, resaltando a súa riqueza natural e patrimonial e utilizando no posible o galego para as exposicións, dentro do marco legalmente establecido ao respecto.
- Ruta en kaiak ou combinada: O Club de Piragüismo Cabanas KDM realizará as rutas en Kaiak gratuítas e necesarias, sen límite de prazas, para os nenos do CEIP Plurilingüe Eladia Mariño sito neste Concello.
- Realizaranse, co equipamento material cedido, rutas de promoción do litoral no concello de acordo co estipulado na memoria presentada ante o Gac Golfo Ártabro (hoxe en día GALP Golfo Ártabro Norte) para a concesión e desenvolvemento da subvención pola cal se adquire este material. Estas rutas serán demandadas a través da concellería de Cultura, Turismo e Deportes (a demanda).



- Colaboración co Concello de Cabanas na organización de diferentes eventos.
- Asistencia a regatas das Ligas a nivel provincial, autonómico e nacional.

SÉTIMA.- Publicidade do financiamento do Concello.

En toda a publicidade que o Club de Piragüismo Cabanas KDM faga sobre as súas actividades (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Cabanas.

A imaxe corporativa establecida polo Concello de Cabanas nas actividades deportivas especifícase no anexo I.

O Club de Piragüismo Cabanas KDM enviará tamén un comunicado ao Concello de Cabanas, a través do correo da Concellaría de Deporte: deporte@cabanas.es informando de todas as actividades que teñan planificado realizar.

No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dará ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas co Concello de Cabanas.

OITAVA.- Prazos e forma de xustificación e de pagamento do presente convenio.

A xustificación deberá ser presentada no prazo máximo de DOUS MESES dende a realización da última actividade obxecto de subvención ou, en todo caso, a data límite de presentación da documentación xustificativa será o 30 de novembro de 2022, sen que sexa posible a ampliación do prazo de xustificación.

8.1.- No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á entidade beneficiaria da subvención para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de **dez días hábiles**.



Poderá, se fose necesario, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin. No caso de que o importe xustificado sexa unha cantidade inferior á que deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Cabanas reducirase proporcionalmente.

Transcorrido este prazo sen que os documentos tiveran entrada no Rexistro Xeral deste Concello, a entidade beneficiaria perderá o seu dereito a percibir a subvención non xustificada.

8.2.- De conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 70 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días hábiles**.

A falta de presentación da xustificación da subvención neste prazo excepcional significará a perda da subvención así como, de ser o caso, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

A xustificación deste convenio realizarase de conformidade co establecido, con carácter xeral, no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, por medio da “**conta xustificativa**” que, pola natureza deste convenio, constará da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio que deberá conter, como mínimo, a indicación da(s) actividade(s) realizada(s) e do(s) resultado(s) obtido(s).
- **Memoria económica** xustificativa do custo da(s) actividade(s) realizada(s), que conterà:
 - Unha relación clasificada dos gastos e inversións da(s) actividade(s) (**os gastos xustificados referiranse ao período comprendido entre o 01/01/2022 e o 30/11/2022**) con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
 - Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no apartado 3 do



artigo 30 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

- Declaración xurada de que as facturas presentadas só foron utilizadas como xustificantes de gasto para a obtención desta subvención
- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
 - Non se admitirán pagos en metálico.
- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública, de particulares ou de entidades privadas. (De ser o caso, declaración xurada de non ter obtida ningunha subvención para o mesmo fin).
- Designación de conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas da Seguridade Social e da Administración Tributaria (estatal, autonómica e local).
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula sétima.

NOVENA.- Carácter limitativo da axuda e compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións.

A axuda concedida polo Concello de Cabanas ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo.



A subvención do Concello de Cabanas é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe excedido.

DÉCIMA.- Contratación e execución.

Segundo o apartado 3 do artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se o importe dun contrato menor supera as contías establecidas na Lei de contratos (40.000 € sen IVE para obras e 15.000,00 euros sen IVE para subministración e servizos), con carácter previo á contratación, o Club de Piragüismo Cabanas KDM deberá solicitar como mínimo, 3 ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se fixera con anterioridade á subvención.

Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

Se o Club de Piragüismo Cabanas KDM tivera necesidade de contratar servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar a(s) actividade(s) obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que a lexislación vixente, tanto en materia de

Seguridade Social como da Seguridade e Hixiene do Traballo, lle impoña aos empresarios ou empregadores. As persoas terán que ter a formación e titulación requirida legalmente para a realización das actividades e o uso dos materiais.



DÉCIMA PRIMEIRA.- Reintegro das cantidades concedidas.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá supor a obriga do reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

DÉCIMO SEGUNDA.- Control financeiro.

O control financeiro realizarase consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Autorizacións administrativas.

O Club de Piragüismo Cabanas KDM obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da(s) actividade(s) obxecto do convenio, así como a satisfacer as taxas e impostos que se devindiquen no seu caso por tal causa.

DÉCIMO CUARTA.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria.

As comunicación co Concello de Cabanas, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínste do xénero feminino.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O Concello de Cabanas publicará os convenios asinados na Base de Datos Nacional de Subvencións.





En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Cabanas o 15 de xuño de 2022

Polo Concello de Cabanas,
O alcalde,

Por Cabanas KDM,
O presidente,

Carlos Ladra Brage

Juan Luís López Espiño.





ANEXO I

Logotipos a incluir nas actividades do club:

O Club de Piragüismo Cabanas KDM deberá incorporar a imaxe corporativa establecida polo Concello de Cabanas nos seguintes soportes:

- Carteleira oficial ou en calquera outro soporte anunciador das actividades obxecto de patrocinio.
- Paneis e traseiras utilizadas para as roldas de prensa.
- Lonas publicitarias, paneis informativos ou valos utilizados nas actividades patrocinadas.
- Promocións en prensa escrita e nos soportes de difusión en televisión ou programas de radio.
- En calquera prenda deportiva (camisetas, suadoiros, etc.)



Cabanas
CONCELLO

